

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/19	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	21 de DECEMBRO de 2023
Duración	Desde as 20:00 ata 20:50 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Apróbanse por unanimidade as actas correspondentes ás seguintes sesións: acta sesión ordinaria celebrada con data 26.10.2023, sesión extraordinaria urxente celebrada con data 30.11.2023 e sesión extraordinaria urxente celebrada con data do 18.12.2023.

2. Expediente 857/2023. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación).

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González expón de xeito breve o acordo para a aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Outes 2024, é unha proposta que se fai para dar a coñecer que normas municipais se quixerían potencialmente modificar ao longo do 2024. Indica que a normativa vixente establece que se debe proceder previamente ten que anunciarse e facemos unha proposta de máximos e procede á lecturas das diferentes ordenanzas e regulamentos que se inclúen no acordo.

Toma a palabra o voceiro do PP o Sr. Calo que indica que tratándose dunha parte do procedemento de momento temos nada que dicir, farémolo cando sexa o caso de que durante o ano que ven inclúa na orde do día dalgún Pleno a modificación ou aprobación dalgunha ordenanza concreta. Será cando poidamos valorar o contido da mesma.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto, Sr. Caamaño, para indicar que na proposta leída polo Sr. Alcalde non consta a introducida na Comisión informativa relativa á creación da ordenanza reguladora do préstamo de material asistencial para persoas con discapacidade e/ou dependencia. Ao que o Sr. Alcalde indica que é correcto e que se incluíu na Comisión pertinente pero que non se citou polo que tamén se atopa no propio acordo, e que si aparece na proposta de acordo do Pleno.



VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Anual Normativo deste Concello, que ten o seguinte tenor literal:

PLAN NORMATIVO PARA O 2024

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña),

EXPOÑO

Que a actual estrutura normativa do concello de Outes precisa de ser actualizada e revisada, tanto para regular novos servizos que se pretenden poñer en marcha como para acompañar os prezos e taxas públicas aos cambios no custe da vida;

Por ese motivo, o goberno actual, a efectos do plan normativo 2024 e sen menoscabo de condicionar os cambios a análises máis polo miúdo, propónse o seguinte:

PLAN NORMATIVO

- Modificación da ordenanza reguladora de espazos públicos municipais, Pavillón. Pistas polideportivas.
- Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais e deportivas.
- Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na pista de pádel municipal.
- Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades no centro social do Concello de Outes.
- Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Outes.
- Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na escola de vela do Freixo.



- Modificación da ordenanza fiscal de terrazas.
- Modificación da ordenanza municipal de tráfico.
- Modificación do regulamento da escola infantil municipal de Outes.
- Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Outes.
- Creación de Ordenanza fiscal reguladora do cobro de entradas de eventos culturais.
- Creación de Ordenanza fiscal para o alugueiro con fins lucrativos de espazos culturais.
- Creación de Ordenanza reguladora tarxeta cidadá "Outes ten máis".
- Creación de Ordenanzas de uso dos areas: zonas de baño, zonas de cans...
- Creación de ordenanza reguladora da protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais, acceso as fincas e conservación das mesmas.
- Creación de regulamento e ordenanza reguladora para a adxudicación, normas de funcionamento e utilización da vivenda social municipal.
- Creación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización de vivendas municipais destinadas a alugueiro social.
- Creación de ordenanza reguladora de protección da convivencia cidadá.
- Creación da ordenanza reguladora do préstamo de material asistencial para persoas con discapacidade e/ou dependencia.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Portal da Transparencia deste Concello [<https://outes.sedelectronica.gal/transparency>] co fin de que este ao dispor dos interesados.

2. Moción conxunta.

Favorable

Tipo de votación

Os Grupos Municipais de CO, BNG, PSdG-PSOE e PP propoñen ao Pleno da Corporación, para debate e resolución, a seguinte MOCIÓN:

Exposición de Motivos

Sobre a importancia do sector do mar na economía, na sociedade e na imaxe e prestixio de Galicia.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 2022 (Resolución A/RES/72/72) como Ano Internacional da Pesca e a Acuicultura Artesanais, en recoñecemento dos millóns de pequenos pescadores, acuicultores e traballadores



do peixe e do marisco que proporcionan alimentos sans e nutritivos, contribuíndo á seguridade alimentaria e á nutrición, á erradicación da pobreza e ao uso sostible dos recursos naturais.

En Galicia estas actividades destacan tanto pola súa pegada social, económica e riqueza produtiva, como pola súa tradición, situando ao noso territorio como principal rexión pesqueira de Europa. Ademais estas actividades forman parte da nosa identidade, vertebran e arraigan poboación nos nosos municipios costeiros e son parte primordial da nosa paisaxe diferencial.

En 2020 os sectores da pesca (principalmente de artes menores), marisqueo e acuicultura (principalmente cultivos extensivos de bivalvos), aos que hai que sumar as industrias de procesado e conservación destes produtos representan o 1,8% do produto interior bruto da economía galega.

Galicia destaca no contexto nacional pola súa especialización nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura. De feito estas ramas de actividade primaria do mar galegas contribúen con mais do 40% do VEB xerado polas pesca, marisqueo e acuicultura española; e con mais do 55% en termos de emprego. En ningún país da UE as actividades relacionadas con estes sectores teñen tanta significación no ámbito social e económico, como en Galicia.

En 2020 a contribución ao PIB galego da pesca, o marisqueo e a acuicultura foi do 0,9%, moi superior á media europea (0,04%). A contribución ao emprego destas actividades sempre foi importante en Galicia, a pesar da tendencia descendente dos últimos vinte anos, e mantivo ao noso país como unha rexión altamente dependente da pesca (no seu sentido mais amplo). En 2020 empregaron en Galicia a 19.414 persoas, o 2,9% do total de Galicia (o 3,8% no ano 2000). Un terzo na industria de procesado e conservación e dous terzos nas actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas. En 2001 tiñamos en Galicia 6551 permex de mariscadoras/es e no ano 2022 temos 3614.

En 2021 Galicia contabiliza unha importantísima flota pesqueira que faena maioritariamente no caladoiro nacional con 4.260 embarcacións (un 96% faena nos caladoiros nacionais e empregan maioritariamente artes menores). A estas hai que sumar 1.281 buques da acuicultura de bivalvos e auxiliares, que dan servizo principalmente as 3.386 bateas adicadas ao cultivo do mexillón. Datos todos estes, que dan idea tamén da potencia galega na construción de barcos e viveiros flotantes, e son parte do rico patrimonio vivo da nosa carpintería de ribeira, que ven de ser recoñecido como Ben de Interese Cultural. A importante



contribución da acuicultura extensiva de mexillón galega á soberanía alimentaria de Galicia e de España queda reflectida no seguinte dato: nas bateas fondeadas nas rías galegas produciuse en 2020 o 22% do total dos produtos da pesca e da acuicultura española. Ademais o mexillón galego é o único produto do mar español que goza do recoñecemento da súa calidade vinculada á orixe a través do selo europeo da Denominación de Orixe Protexida.

En Galicia teñen porto base case a metade da flota pesqueira de España e o 5,73% da flota pesqueira da UE. Con todo, dende 2004 todos os segmentos da flota pesqueira galega reducíronse; a meirande parte na flota que faena no caladoiro nacional, de 5.565 buques rexistrados en 2004 só sobreviven 4.043 en 2023. Esta merma tamén se da en termos de emprego: o número de tripulantes en toda a flota pesqueira galega era de 30.641 en 1986 e de 11.556 en 2021, unha diminución do 62% en trinta e catro anos.

Segundo o Anuario de Pesca de 2021, perante ese ano as operacións de venda nas lonxas galegas representaron case 3,8 millóns de transaccións comerciais e se comercializaron preto de 133 mil toneladas de produtos de pesca, que supuxeron unha facturación de case 413 millóns de €, dos que o 17,43% corresponden a bivalvos e o 68,26% a peixes.

Segundo a Análise do Sector da Pesca do IGE (2023), o sector da pesca e acuicultura ten un carácter senlleiro na nosa economía porque entre todos os nosos sectores económicos é o que presenta o maior índice de especialización produtiva fronte á UE-27.

Á importancia económica derivada do sector primario do mar únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Galicia susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.



Este forte vencello entre as actividades primarias e o entorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da costa galega, coa actividade das embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo e as bateas nas rías. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades costeiras. Considerando que o as administracións públicas deben contribuír, máis aló do programático, a que se eliminen as desigualdades e favorecer a erradicación da pobreza e das causas que a orixinan, mediante a redistribución equitativa da riqueza colectiva.

No considerando 19 do Regulamento (CE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, recoñécese que das actividades pesqueiras tradicionais depende en boa medida o desenvolvemento social e económico de determinadas comunidades costeiras e indícase que “os Estados membros deben esforzarse por ofrecer un acceso preferencial á pesca a pequena escala, artesanal e costeira”, un claro mandato para desenvolver o espazo marítimo de Galicia. Asemade no art.2.1 afírmase: “A PPC deberá garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sostibles ambientalmente a longo prazo e se xestionen de xeito coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimentarios”.

Considerando que a Comisión Europea fala nas súas directrices estratéxicas para o período 2021-30 [COM (2021) 236] da importancia da acuicultura (de baixo nivel trófico) e baixa pegada ambiental principalmente acuicultura de bivalvos (e de algas) como actividades sostibles que han de promoverse. Actividades que encaixan perfectamente dentro do Pacto verde Europeo pola súa reducida pegada de carbono e porque aportan á sociedade ademais de alimentos nutritivos e saudábeis, servizos ecosistémicos positivos. Considerando ademais que a UE destaca o papel importante que teñen os alimentos de calidade vinculada a orixe, como o Mexillón de Galicia DOP que enriquecen o patrimonio gastronómico europeo, e aportan garantías ao consumidor.

Considerando que a pesca, o marisqueo e a acuicultura de bivalvos son actividades de carácter extensivo, artesanal e sostibles e son as que se practican histórica e maioritariamente nas rias e litoral, ámbito xeográfico competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.



Considerando que, ademais da súa vertente produtiva e económica (creación de renda, valor e emprego), é indiscutible que a pesca, o marisqueo e a acuicultura artesanal representan un dos sinais de identidade máis importantes de Galicia. Ten un arraigo estrutural en termos sociais e demográficos da actividade nos enclaves costeiros e actúa sobre áreas costeiras de alta sensibilidade ambiental, ten unha compoñente de desenvolvemento humano e territorial moi elevado, na súa dimensión social e cultural, contribúe á independencia alimentaria da Unión Europea e ao aprovisionamento do mercado de produtos naturais e de calidade contrastada, mantendo un peso notorio en termos de emprego directo e de efectos indirectos a escala local-rexional sobre moitos outros sectores de actividade, o que se destaca e defende pola Comisión de Pesca Europea.

Por todo isto presentamos a seguinte Iniciativa Lexislativa Popular, consistente na introdución de dous novos artigos (artigo 5 bis e 5 ter, no Título I) na vixente Lei de Pesca de Galicia:

Artigo 5 bis- Declaración de interese xeral.

Decláranse a todos os efectos de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galicia.

Artigo 5 ter.- Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia.

1.- Nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia, polas súas peculiares características, priorizarase e garantirase o exercicio das actuais actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, fronte a calquera outro proxecto ou explotación ou á introdución de actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para as actividades produtivas devanditas.

2.- En calquera proxecto ou explotación que supoña un uso do espazo marítimo onde se estean desenvolvendo as devanditas actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos será preceptivo e vinculante un informe da Consellería do Mar, que de ser negativo obrigará ao órgano competente a ditar unha resolución motivada poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións. O informe será remitido no prazo máximo de trinta días.

Por todo isto, os distintos sectores do mar propoñemos o seguinte **ACORDO**

1.-Apoiar formalmente como necesario e oportuno que se garantan e prioricen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que ben polo seu carácter contaminante



ou porque ocupan o espazo da súa actividade, son contraditorias e poñen en perigo a súa sostibilidade.

2.-Apoiar a I.L.P. “para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras” e facilitar a recollida de sinaturas.

3.-Trasladar este acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia, instándolle a darlle o apoio parlamentario necesario.

4.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº 44 -entrechán, C.P. 36600, correo-electrónico pdrarousa@gmail.com.

DEBATE

O Sr. González procede á lectura do mesmo e cede a palabra do voceiro do PP, O Sr. Calo, que indica que coa adhesión á mesma non teñen nada máis que engadir nin comentar.

Toma a palabra o voceiro do BNG, o Sr. Núñez, que destaca a importancia de protexer un sector que é fundamental para o noso Concello e para todos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 votos a favor

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS

- **Do PP:**

1ª PREGUNTA. O pasado día 30 de novembro, o Sr. Alcalde convocou un Pleno Extraordinario e Urxente no que se pretendía aprobar un Expediente de Modificación de Crédito, na modalidade de Crédito Extraordinario pola cantidade de



772.331,71€ con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, proposta que finalmente se aprobou.

Nese expediente ademais dalgúns investimentos figuraban varias relacións de facturas que non contaban con crédito orzamentario nesa data, por ter adquirido o Goberno Municipal compromisos de gastos sen que existiran no Orzamento Municipal os créditos necesarios para facerlle fronte ao pago dos mesmos.

Con relación a este asunto queremos preguntarlle ao Goberno Municipal:

- ¿Quedan facturas rexistradas no Concello, por calquera dos medios habituais, antes da confección do Expediente de Modificación de Crédito referenciado, que non contén co crédito orzamentario correspondente?

De ser así

- ¿Cantas facturas hai nestas circunstancias e por que importe?

Responde o Sr. Alcalde que seguramente non poida dar unha resposta satisfactoria porque non puidemos acadar os datos concretos que pregunta sobre cantas facturas e porque importe? Eu trasladeille onte, cando vostedes formularon esta pregunta pola mañá, aos servizos de contabilidade e non a puideron trasladar. Posiblemente exista algunha factura nesta circunstancia pero non pode dicirlle nin o número delas nin o importe porque posiblemente lle estaría dando un dato erróneo. Con máis tempo, con un día non temos tempo, poderíamos pero agora mesmo non podemos contestar a esta pregunta porque non temos esa información.

Indica o Sr. Calo que o que se pregunta é se existen e vostede está dicindo que non sabe se existen ou non. Responde o Sr. González que non ten a información axeitada e que entón non n quere dicir algo que se poida interpretar de xeito incorrecto.

2ª PREGUNTA. Na relación de facturas F/2023/76 que formaba parte da documentación do Pleno Extraordinario e Urxente celebrado a 30 de novembro pasado para aprobar un Expediente de Modificación de Crédito na modalidade de Crédito Extraordinario con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, figuran varias facturas das que nos chaman a atención os conceptos que figuran na relación antedita e os seus correspondentes importes, polo que lle queremos facer ao Goberno a seguinte pregunta:

- ¿Cales son os conceptos correctos e completos das seguintes facturas e cal é a descrición dos servizos prestados?



F/2023/2387 por valor de 6.171,00 € con concepto “monitor de vela do Clube Náutico do Freixo dende 26 /6/2023 a 31/7/23”.

F/2023/2747 por valor de 4.235,00 € con concepto “monitor de vela no mes de agosto no Clube Náutico do Freixo”.

F/2023/1830 por valor de 4.784,34 € con concepto “repcionista na Piscina Municipal en horario de 09:00 a 14:00 h. os día 15, 29 de abril 2023”.

Responde o Sr. Alcalde que en relación ás dúas primeiras facturas os conceptos son os que aparecen nas propias facturas de servizos do monitor de vela que como vostedes saben levamos un tempo sen monitor de vela e ademais é un servizo que prestaba unha persoa que tiñamos en plantilla que é difícil de atopar hoxe en día e vímonos na circunstancia de que se queriamos ter este servizo no verán tivemos que contratar a esta persoa e non tiñamos outro xeito que mediante a contratación mediante unha empresa externa. Esa é o servizo que prestou nas datas que se indican nas mesmas.

En canto a seguinte factura teño que dicir que hai un erro no concepto da factura, pero se vostedes pediran a factura desagregada o que se fai é moito máis que do 15, 29 de abril. Esta ten que ver coa cobertura de baixas da piscina que polo feito de non ter en vigor unha bolsa de contratación porque a anterior estaba esgotada tivemos que facelo por medio dunha empresa externa que coincidiu con baixas e procede á lectura das datas en postos aos que corresponde a presente factura.

Intervén o Sr. Calo para indicar que co relativo ás facturas do monitor de vela do Club Náutico do Freixo queremos destacar que tratándose dun período de tempo practicamente similar esa oscilación que hai e sendo o mesmo prazo de tempo, se nos pode xustificar a variación que hai entre unha factura e a outra. Estamos falando dun importe bastante elevado de diferenza entre unha e outra. E con relación á factura que ten o erro queriamos que nos facilite a mesma.

Indica o Sr. Alcalde que con respecto á segunda cuestión pode darlle unha copia neste momento e con relación ao primeiro iso é polo feito que no mes de agosto o monitor faltou varios días e esta contía é proporcionalmente á do mes de xuño e a parte correspondente da mesma e polo que non se corresponde ao que vostede está indicando.

3ª PREGUNTA. No pasado Pleno do día 26 de Outubro, ante unha pregunta feita polo Grupo Municipal Popular, referida a canto ascendía o custe para o Concello da celebración do Certame Mares de Fin do Mundo, o Sr. Concelleiro de Cultura D.



Anxo Núñez contestou que nesta edición o único que aportaba o Concello era unha axuda de 12.000 € á asociación encargada da organización do evento. A nosa pregunta ao respecto é a seguinte:

- ¿A factura contida na relación F/2023/76 con nº F/2023/2892 con concepto “Folletos Mares do Fin do Mundo”, é imputable aos gastos de organización de dito evento?

De ser así:

- ¿Esta cantidade foi deducida da axuda concedida de 12.000 € ?

Responde o Sr. Núñez, Concelleiro de Cultura, que indica que esta factura non é imputable ao resto da factura de dito evento porque non é unha factura que fora feita para darlle eses folletos a Mares Fin do Mundo. Tamén esa factura contempla outros traballos que non se viron reflectidos no concepto senón no contido da factura que foi feita para un evento en Pontenafonso e a nosa intención era promover turisticamente o noso Concello mediante un stand de información do museo da Carpintería da Ribeira e o certame internacional. Desta factura só a metade sería o correspondente ao certame de Mares Fin do Mundo.

4ª PREGUNTA. Segundo a documentación á que tivemos acceso, o contrato coa empresa que presta o Servizo de Asistencia no Fogar neste Concello, finalizou o día 19 de decembro deste ano.

Porén, o Goberno Municipal, non foi quen de facer o traballo necesario para que ao día seguinte do remate dese contrato, este foxe substituído por outro que lle dera á prestación do servizo as garantías necesarias que require a asistencia ás persoas en situación de dependencia, que tanto precisan dela.

Sendo o Goberno coñecedor do proceso necesario para sacar a licitación unha nova contratación e dos prazos establecidos, que deben ser tidos en conta, non foi ata o día 21 de novembro cando en Xunta de Goberno Local aprobaron o expediente de contratación, e non foi ata 14 días despois cando anunciaron a súa licitación na Plataforma de Contratación do Estado, na que figura como prazo final para a presentación de ofertas o día 19 de xaneiro do ano 2024, data a que, para que se contrate ao adxudicatario, hai que sumarlle o tempo que empreguen en finalizar o proceso, e vistos os seus antecedentes en asuntos similares, presúmese que non será pouco.



Debido a este indeseable escenario, queremos facerlle ao Goberno Municipal as seguintes preguntas:

- ¿Cal é a situación contractual que hai a día de hoxe para a prestación do Servizo de Asistencia no Fogar por parte do Concello?

Se o caso é que a empresa que ven prestando este servizo nos últimos anos o sigue facendo na actualidade, agora sen un contrato regulado que aporte a necesaria garantía xurídica a esa prestación,

- ¿Cales son as consecuencias que esta situación pode ter para os veciños de Outes que son usuarios deste servizo?

- ¿Existe a posibilidade de que as achegas que fan Administracións superiores para a financiación deste servizo se vexan comprometidas pola anómala situación de que entre o Goberno Municipal e a empresa prestadora do servizo non exista vinculación contractual?.

- ¿Cando prevén que finalice totalmente o proceso de contratación que iniciaron e o Servizo de Asistencia no Fogar se poida prestar no Concello de Outes de maneira regulamentaria?

Responde o Sr. Caamaño, Concelleiro de Servizos Sociais, que indica que respecto á primeira pregunta a situación contractual, dicir que realmente o importante deste punto creo non é se levamos dous días con contrato ou sen contrato, senon que o servizo de axuda no fogar segue funcionando con plena normalidade. Estamos seguir de que estamos obrando ben e como xa saben xa está o proceso de licitación en marcha. Prefiren vostedes deixar sen servizo de axuda do fogar no concello de Outes o seguir prestando o servizo e pagar con factura emitida como fan algúns concellos?.

Con relación á segunda pregunta de cales son as consecuencias que esta situación pode ter para os veciños de Outes e usuarios do servizo, contestoulle que ningunha. Con relación á terceira pregunta, entendemos que dende o noso punto de visto que non existe ningunha e con relación a última pregunta, de maneira regulamentaria séguese prestando, pero a data que me pide non pode asegurarse, o que si asegura é a data de remate de presentación de ofertas que é o 19 de xaneiro e de apertura de sobre que será o 25 do mesmo mes.

Responde a Sra. Molinos que solicita que se lle conteste a pregunta, xa que lle pregunto cal é a situación. Sr. Concelleiro de asuntos sociais, chegados a este punto nos preguntámonos se están orgullosos da xestión que están a facer sobre este asunto e refírome a todo o goberno. Aos 6 concelleiros do PP preocúpanos e parécenos gravísima situación que é a incapacidade que mostran para desenrolar e



xestionar os asuntos municipais sen traballar como é debido, chegando en moitos casos ao límite ou como nesta ocasión sobrepasando xa que se trata do SAF, veciños e veciñas en situación de dependencia.

Non deben esquecer que vostedes séntanse para traballar polos veciños e dotalos dun servizo con garantías e para que usuarios non teñan a menor dúbida desta prestación e estar tranquilos. Non son vostedes primeirizos nesta cuestión, xa foron protagonistas de algo similar no anterior mandato cando no ano 2021 esqueceron prorrogar sobre o que sostiña o servizo co resultado que se estivo prestando o mesmo durante 5 meses sen ningunha relación contractual e a constante dúbida de que as prórrogas tivesen validez legal e non fosen nulas de pleno dereito como advertían os informes de Secretaría e Intervención. Daquela, os que agora son os seus socios, dicían cousas moi diferentes e poñían o grito no ceo por este tema e agora participan do que antes criticaban. Non esquezamos que naquel momento o BNG a calificaba como “unha irresponsabilidade e falta de rigor coa veciñanza de Outes” e criticaba o feito de que vostede se permitise deixar na corda frouxa o SAF ou dicía que estaba poñendo en risco ás traballadoras da empresa e agora a súa postura ante esta situación semellante parece moi distinta. Estamos sorprendidos pola variación do seu discurso, pero isto non nos sorprende e pola parte que lle toca ao Sr. Caamaño indicaba que non sabía que se lle tocaría ao Sr. Gonzalez pero que apurase para non ter o servizo sen contrato. Neste momento non se apurou o o suficiente e o servizo estase prestando sen contrato, consellos vendo que para min non teño.

Sr. Alcalde deixe vostede de xustificar a súa deficiente xestión en escusas varias e traballen naquelas cuestións básicas que son esenciais para a vida cotiá dos veciños de Outes.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que intentou explicalo dun xeito que tódolos veciños o entenderan pero vouna remitir á LCSP no artigo 29 e o lea e despois charlamos e voulle dicir, a situación real é que a empresa segue a prestar o servizo en condicións e vostedes non deberían meterlle medo á xente de que van a quedar sen servizo.

5ª PREGUNTA. No último Pleno Ordinario, concretamente o celebrado o día 26 de outubro deste ano, ante a estrañeza e preocupación por non saber nada da tramitación por parte do Goberno Municipal da Conta Xeral do Concello, que a esas alturas, segundo a lexislación vixente, xa debería estar remitida ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, despois de pasar pola Comisión Especial de Contas e polo Pleno da Corporación, o noso Grupo fíxolle ao Goberno unha pregunta ao



respecto, na que entre outras cuestións queríamos saber cales eran as consecuencias que se podían derivar de que o goberno municipal non tivera feito esa xestión co rigor que establece a normativa.

Daquela o Sr. Alcalde díxonos literalmente “somos moi, moi, conscientes de que temos un problema do que se poden derivar problemáticas non desexadas por este Goberno”, e máis dixo tamén “... que pode ter consecuencias, si, sabemos que pode ter consecuencias, imos agardar que non se fagan realidade, nos sabemos que a solicitude de subvencións depende de que a conta xeral estea presentada. Imos intentar solucionar este problema o antes posible para que non teña consecuencias no funcionamento do Concello...”.

O certo é que, na contestación da pregunta, vostede non mencionou a totalidade desas posibles consecuencias polo que nos vimos na obriga de facelo nos.

Nese mesmo Pleno tamén nos dixo que comezarían ese trámite o antes posible, como dende aquela xa pasaron dous meses, e o único que nos fixeron chegar ao respecto foi, o día 15 deste mes, unha convocatoria para a celebración, o día 10 de xaneiro próximo, da Comisión Especial de Contas para tratar este tema (sete meses e 10 días despois do tope máximo establecido), facémoslle ao Goberno a seguinte pregunta:

- ¿Xa houbo algunha consecuencia para o Concello derivada do feito de que o Goberno Municipal non teña presentada en tempo e forma a Conta Xeral do ano 2022?

Responde o Sr. Alcalde que para poñernos en antecedentes, en primeiro lugar debe quedar moi claro que a Conta Xeral non a forma o goberno a forman os servizos de Intervención. Efectivamente houbo un problema porque non a formou en tempo e forma. En segundo lugar lamentablemente temos problemas no servizo de Intervención e nestes últimos 3 meses tivemos unha interventora acumulada e por sorte agora xa contamos con ela a tempo completo, e estando acumulada fixo en tempo récord a liquidación e agora ten informada a conta xeral. Somos conscientes deste problema, non somos responsables, e imos a seguir e estamos traballando para que non haxa consecuencias e seguimos traballando politicamente para que non teñamos consecuencias en particular nas subvencións que non se nos concedan por esa causa, para resolver un problema que non causou o goberno municipal pero que sabemos que temos que tentar de resolver para non ter consecuencias.



Intervén a Sra. Molinos para indicar que eles tamén esperan que non as teña e que non se puideran obter subvencións por non ter a conta xeral presentada. Evidentemente a conta xeral faina o servizo de Intervención pero creo que vostedes tamén na xestión do concello algo terán que dicir. Pareceume entender que non tiñan intervención dende no se que día ...

Ao que o Sr. González responde que non tivemos a tempo completo dende setembro ata decembro.

Indica a Sra. Molinos que a remisión de contas tería que estar como tope máximo o 1 de xuño, esperemos que ese intenso traballo político con outras administracións no que as subvencións se refire desexámoslle sorte para que os veciños de Outes non perdan as mesmas.

Toma a palabra o Sr. González que indica que igual formaban vostedes a conta xeral, incluso vostede tiña a habilidade de asinar pola interventora pero o dubido bastante. En calquera caso si que me sumo aos desexos que plantexa e se vostede mira polos veciños faga tamén xestións oportunas ante os órganos pertinentes tamén ante a Xunta de Galicia que goberna o PP para que non haxa problemas.

6ª PREGUNTA. Sendo este Pleno o último ordinario que se celebra neste ano e non estando incluída na orde do día a Proposta de Orzamento Municipal 2024, e non sabendo se seremos convocados antes do día 31 a algún Pleno extraordinario e urxente, deses que tanto lles gustan ultimamente, o noso grupo quere preguntar ao Goberno:

De ter pensado este Goberno tripartito dotar ao Concello de Outes dun Orzamento para o ano 2024, como consideramos que sería o correcto, ¿Cando van a traer a Pleno a Proposta de Orzamento para o ano 2024?

Responde o Sr. González que non se caiba dúbida de que Outes vai ter orzamento en 2024. Cando? Imos a tentar que sexa no primeiro trimestre deste ano 2024. os servizos de Intervención que teñen que facer un traballo en canto á confección dos orzamentos, aínda que hai un traballo político, mentres fixeron a liquidación, mentres informaron a Conta xeral non se puideron adicar a confeccionar os orzamentos. Non teñan dúbida que imos ter orzamento para o ano que ven.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que o Sr. Alcalde vai ter que ampliar o seu abanico de desculpas, porque o conto que nos acaba de contar xa o oín no pleno de decembro pasado que dixo “temos traballado no tema a corto prazo imos traer o orzamento ao Pleno, traerémolo cando se dean as condicións económicas e



políticas". Agora as condicións políticas danse non? Ou xa hai problemas no paraíso pero en canto ás condicións técnicas xa perdemos a esperanza de que deixen vostedes de usar como escusa á súa obriga cos veciños. Vostedes non son conscientes de que ter un orzamento municipal aprobado en tempo e forma cos números adoptados é básico para xestionar a economía do Concello. Póñanse a traballar como é debido dunha vez por Outes e polos seus veciños.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que reitera que cando se dean as condicións técnicas e políticas e por iso podo afirmar que vamos ter orzamentos en 2024.

ROGOS:

- **Do PP:**

ROGO 1.- Trasladarlles que en San Cosme hai varios contedores de lixo que están sen tapa e o que fai é que desprenda malos olores sobre todo cando fan temperaturas elevadas, polo que rogamos que repoñan esa deficiencia en beneficio dos veciños.

Por último o Sr. Calo diríxese aos veciños e veciñas de Outes para desexarlles felices festas e un próspero ano 2024.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que desexan un feliz nadal e un próspero ano novo e que da por finalizada a sesión plenaria ordinaria do mes de outubro.

Remata a sesión ás 20:50 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

